

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2020

Ás 10.00 horas do día 27 de novembro de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6093887>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes na sesión:

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa (que escusa a súa ausencia e emitiu o seu voto por correo).

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervéñe para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión, e con respecto ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 46.3 da LRBRL, dá por acreditada a identidade dos presentes coa súa imaxe no sistema, e manifesta que, salvo que ningún deputado ou deputada indique neste intre o contrario, entende que todos se atopan en territorio español, tal e como se pode comprobar igualmente a través da i.p. dos diferentes equipos.

Antes do comezo da sesión, o deputado do grupo socialista, Rafael Rodríguez Villarino manifesta a disconformidade do seu grupo pola realización da sesión por medios telemáticos, indicando que se podería ter realizado de xeito presencial, xa que os indicadores sanitarios son menos graves que cando se realizaron outras sesións de xeito presencial, e non entenden as razóns que levan á Presidencia a convocar esta sesión por estes medios.

O Sr. presidente indica que a situación é o suficientemente grave para poder realizar a sesión por estes medios, que hai que enviar unha mensaxe de responsabilidade á cidadanía, e que existe un informe da Secretaría Xeral que avala a realización por medios telemáticos.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES,
CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2020 E Á
EXTRAORDINARIA DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2020.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas anteriores, correspondentes á ordinaria do 30 de outubro de 2020 e á extraordinaria do 17 de novembro de 2020.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

O deputado do Grupo Socialista, Aurentino Alonso, manifesta a abstención do seu grupo por non ter asistido á sesión do 17 de novembro de 2020.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 1º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#)

Non se producen máis intervencións e o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar por unanimidade a acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

Aprobar a acta da sesión extraordinaria do 17 de novembro de 2020, coa abstención do Grupo Socialista, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2020.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro (xa que o día 25 de decembro é o día do Nadal), que se realizará o día 18 de decembro de 2020.

2º.- Como consecuencia do anterior, as comisións informativas terán lugar os días 9 (mércores) e 10 (xoves) de decembro de 2020, coa mesma orde que todos os meses.

3º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE SAN AMARO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DOS ARTIGOS 99 E 100 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de San Amaro a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 29 de setembro de 2020, para a recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de San Amaro, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, O CONCELLO DE VIANA DO BOLO E A MERCANTIL ENDESA GENERACIÓN SA EN DATA 27.12.2019, PARA A CESIÓN EN PROPIEDAD DA TITULARIDADE DAS ESTRADAS ALÍ

DESCRITAS (ESTRADA SAN AGUSTÍN E ESTRADA SAN AGUSTÍN-ENCORO DAS PÍAS POR CEPDELO) AO CONCELLO POLO QUE DISCORRE CADA UN DOS TREITOS DE ESTRADA INDICADOS, ASÍ COMO A REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DESTAS

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén indicando que se trata dun convenio que ven do ano 2019, e que o anterior alcalde de Viana, Secundino, xa o deixara tramitado e aprobado no concello. Engade que votará a favor e que desexa que a execución das obras previstas no convenio non se demore.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta o voto a favor do seu grupo.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): manifesta que votarán a favor desta proposta, agardando que o voceiro do grupo de goberno resolva as dúbidas que xurdiron na comisión informativa que tratou este asunto.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): intervén para aclarar que este asunto se ratifica en pleno polo seu carácter plurianual e a necesidade de concretar un traballo de varios anos. Sinala que foi un proceso longo e agradece o traballo de todos os cargos públicos da Deputación e empregados públicos que colaboraron para a consecución da materialización desta colaboración.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar o Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Ourense, o Concello de Viana do Bolo e a mercantil Endesa Generación SA, en data 27.12.2019, para a cesión en propiedade da titularidade das estradas alí descritas (*estrada San Agustín e estrada San Agustín-Encoro das Pías por Cepedelo*) ao concello polo que discorre cada un dos treitos de estrada indicados, así como a reparación e acondicionamento destas, coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense, o Concello de Viana do Bolo e a mercantil Endesa Generación SA, para a cesión en propiedade da titularidade das estradas descritas (*estrada San Agustín e estrada San Agustín-Encoro das Pías por Cepedelo*) ao concello polo que

discorre cada un dos treitos de estrada indicados, así como a reparación e acondicionamento destas.

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO.

Son obrigas do Concello de Viana do Bolo no marco do presente convenio:

- a) Ratificar mediante acordo plenario municipal o contido do presente convenio e sometelo ao procedemento de información pública regulamentario.
- b) Unha vez concluído o proceso de información pública mencionado no punto anterior, subscribir ante notario a correspondente escritura pública de cesión en propiedade da parte dos predios de Endesa Generación, que ocupa o trazado das estradas mencionadas no expositivo III e acta de recepción dos viarios descritos coa mercantil Endesa Generación SA, en función do termo municipal polo que discorre cada un dos treitos de estrada (*estrada San Agustín, estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*), asumindo o Concello de Viana do Bolo dende esa data todas as obrigas inherentes á titularidade dos viarios, como son as de conservación, mantemento e sinalización, manténdooas abertas ao tráfico e sen poder impoñer restricións e/ou limitacións á circulación de vehículos e/ou maquinaria con orixe ou destino ás centrais hidroeléctricas, encoros ou instalacións de Endesa Generación SA, sen que se lle poida reclamar nin solicitar nada a esta última.
- c) Inscribir no Rexistro da Propiedade a parte dos predios polos que transcorre o trazado das estradas, sendo de cargo do Concello de Viana do Bolo os custos da tramitación e obtención das correspondentes licenzas de segregación ou de innecesiedade e calquera trámite requirido para proceder á inscrición dos predios.
- d) Transferirle á Deputación Provincial de Ourense un importe de douscentos oitenta e seis mil setecentos corenta e nove euros con setenta e dous céntimos (286.749,72 €, equivalente a un 22,2% do orzamento inicialmente estimado de execución por contrata con IVE), os cales irán destinar ao cofinanciamento das obras de reparación e mantemento dos treitos de estradas indicados, cun orzamento total de execución por contrata de 1.125.119,28 €.
- e) Poñer a disposición da Deputación Provincial de Ourense todos os terreos necesarios para a execución das obras de reparación e acondicionamento das estradas indicadas en función do termo municipal polo que discorre cada un dos treitos de estrada (*estrada San Agustín, estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*), así como a obtención de todas as autorizacións e permisos sectoriais que sexan preceptivos para a execución das obras.

TERCEIRA. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

Son obrigas da Deputación Provincial no marco do presente convenio:

- a) Someter a aprobación, de acordo aos procedementos regulamentarios establecidos para o efecto, a ratificación do presente convenio.
- b) Asumir a redacción do/s proxecto/s técnico/s para a execución das obras de reparación e acondicionamento dos treitos de estradas descritos (*estrada San Agustín e estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*).
- c) Asumir a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución das obras de reparación e acondicionamento dos treitos de estradas descritos (*estrada San Agustín e estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*).
- d) Achegar un importe de douscentos oitenta e seis mil setecentos corenta e nove euros con setenta e dous céntimos (286.749,72 €), equivalente a un 25,5% do orzamento inicialmente estimado de execución por contrata con IVE), os cales irán destinados ao cofinanciamento das obras de reparación e mantemento dos treitos de estradas indicados, cun orzamento total de execución por contrata de 1.125.119,28 €.
- e) Contratar, unha vez recibidas todas as achegas económicas comprometidas polas partes, e consignada a achega provincial no orzamento xeral da Deputación, a execución das obras de reparación e acondicionamento dos treitos de estradas descritos (*estrada San Agustín e estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*), cun orzamento total de execución por contrata de 1.125.119,28 €. En relación co importe que resulte de adxudicación e formalización do contrato, a baixa obtida en relación coa oferta seleccionada como a máis beneficiosa, repercutirase de xeito proporcional conforme ás aportacións realizadas ao financiamento do contrato pola Deputación Provincial e o Concello de Viana do Bolo.

CUARTA. OBRIGAS DE ENDESA GENERACION S.A.

Son obrigas de Endesa Generación SA no marco do presente convenio:

- a) Unha vez concluídos os procesos regulamentarios mencionados nos apartados anteriores, para o efecto de que o presente convenio sexa firme, outorgar escritura pública de cesión en propiedade da parte dos predios de Endesa Generación que ocupan as estradas mencionadas e subscribir a correspondente acta de cesión dos viarios descritos co Concello de Viana do Bolo, en función do termo municipal polo que discorre cada un dos treitos de estrada (*estrada San Agustín, estrada San Agustín-encoro das Pías por Cepedelo*).
- b) Unha vez inscritas no Rexistro da Propiedade a parte dos predios polos que transcorre o trazado das estradas, contribuír economicamente nun 49% do orzamento inicialmente estimado de execución por contrata con IVE e cun límite máximo para Endesa Generación de 551.619,84 € ao proxecto de reparación e

acondicionamento das estradas descrito nos parágrafos anteriores (e que se xunta), segundo os seguintes fitos:

- a. Un 10% será transferido á Deputación Provincial de Ourense no prazo de 30 días dende a inscrición no Rexistro da Propiedade da parte dos predios por onde transcorre o trazado da estrada e actas de cesión dos viarios aos respectivos concellos.
- b. O restante 90% será transferido á Deputación Provincial de Ourense, nun prazo de 30 días dende a presentación das certificacións de obra executada, de acordo á porcentaxe que lle corresponde asumir a Endesa Generación do total do proxecto.

A cantidade indicada para achegar por Endesa Generación será en todo caso a máxima para achegar por esta sociedade á execución do presente convenio.

- c) Colaborar coa Deputación e co Concello de Viana do Bolo no desenvolvemento de actividades que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico da comarca, como poden ser cursos de formación, prácticas de formación profesional, visitas guiadas á central e ao encoro e outras, actividades que serán obxecto de acordos específicos, respectando en todo caso o limite mencionado na letra b) de esta cláusula.

Estipúlase expresamente que Endesa Generación non asumirá ningunha responsabilidade pola redacción do/s proxecto/s técnico/s para a execución das obras de reparación e acondicionamento dos treitos de estradas descritos como tampouco pola execución das obras a que se refiren os proxectos.

QUINTA. CONTROL E SEGUIMIENTO.

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dúas persoas representantes da Deputación Provincial e unha por cada unha das outras entidades asinantes, a determinar por estas.

Serán funcións da devandita comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

A comisión reunirse cando sexa necesario para o desenvolvemento das actuacións reflectidas no convenio.

SEXTA. INCUMPRIMENTOS.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista no presente convenio.

Faise constar expresamente que o incumprimento da obriga relativa ás achegas económicas previstas para Endesa Generación SA na cláusula quinta deste convenio, será causa de resolución do convenio e de reversión das propiedades cedidas aos respectivos concellos.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN.

O Convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

OITAVA. DURACIÓN E VIXENCIA

Este Convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a data 31.12.2021, podendo ser prorrogado anualmente ata un máximo de dos (2) anos adicionais.

NOVENA. NATUREZA E XURISDICIÓN.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio será de aplicación directa a citada Lei 40/2015, sendo de aplicación supletoria os principios inspiradores da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir deste.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

5º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE SAF BÁSICO PARA O EXERCICIO 2021.-

O Sr. presidente anuncia que segundo se tratou na Xunta de Portavoces os puntos 5º, 6º, 7º e 8º se debaterán conxuntamente, aínda que se votarán por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para indicar que, a diferenza de anos anteriores, onde o seu grupo viña apoiando este tipo de programas de cooperación, este ano van votar en contra do BenOurense infancia PAI e BenOurense infancia servizos complementarios, xa que ven reducida a contía en 20.000 € cada un. Neste sentido pide que hoxe se manifieste o compromiso do grupo de goberno para que estas contías se suplementen ao longo do exercicio. Ademais entende que estes programas poderían encadrarse dentro do plan único, insisitindo no erro que supón a rebaixa das contías de ámbolos dous programas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta a abstención do seu grupo, por ser programas continuistas e que non supoñen ningún cambio nas circunstancias actuais de pandemia, e por enriba nalgún programa se diminúe a súa contía.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): indica que estes programas supoñen unha axuda moi importante para os concellos, e máis nas actuais circunstancias de pandemia. Entenden que deberían existir consultas previas aos concellos para a mellor xestión deste programa. Como aspectos negativos indican que no programa do SAF se mantén a mesma contía que o pasado ano, e non prevén as novas demandas que existen. Entende que as circunstancias do ano 2021 non van cambiar, e os acontecementos demandan máis recursos. Outro aspecto negativo é a rebaixa nos programas de conciliación familiar do BenOurense Infancia, PAI e servizos complementarios, e máis cando os gastos dos concellos aumentan debido aos protocolos que hai que implementar.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza sinalando que é comprensible que se critique a rebaixa nalgúns programas, se ben xa advirte que hai que aprobar os programas para poñer os servizos en marcha e que existe flexibilidade orzamentaria para que ao longo do ano se poidan modificar, como xa se fixo neste exercicio coa declaración do estado de alarma en marzo deste ano. Incide en que se fai máis necesario que nunca a colaboración de todas as AAPP, en particular do Goberno do Estado. Seguidamente fai un repaso de todos os programas de acción social postos en marcha polo goberno provincial para loitar contra a crise do COVID-19. Por isto pide a comprensión de todos os grupos e insiste na posibilidade de que ao longo do exercicio se poidan modificar os citados programas de cooperación.

Remata instando ao grupo socialista para que reclame do Goberno central axuda para as entidades locais.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que o importante é establecer dinámicas socioeconómicas que permitan a viabilidade no tempo dos proxectos, sen prexuízo de axudas directas puntuais se son precisas. En todo caso manifesta que o que non ten xustificación o descenso das contías dos programas de cooperación para a conciliación. Manifesta coincidir coa reclamación que se fai para que o Estado realice achegas ás entidades locais, ao mesmo tempo que se debe relcamar tamén da Xunta de Galicia que é a que ten competencias directas en materia de servizos sociais. Remata insistindo en que o grupo de goberno debe comprometerse a incrementar as contías destes programas de cooperación.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): manifesta que a súa desconformidade é sobre todo cos orzamentos destes programas e que en ningún caso é entendible. Os servizos sociais municipais viron incrementada a súa carga de traballo e a súa necesidade orzamentaria polo que remata pedindo que se incrementen os fondos e que se inste á Xunta a asumir a súa parte de financiamento nestes servizos.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): insiste en que o grupo de goberno está aberto a facer as modificacións que sexan precisas ao longo do exercicio, e que en todo caso debemos agardar a que se implementen fondos procedentes do Estado con destino ás EELL.

O contido íntegro das intervencións destes puntos recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do deputado non adscrito, e da deputada de Cs (a distancia), e a abstención do Grupo Socialista (9), do deputado do BNG e do deputado de DO, o pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense SAF básico para o exercicio 2021, co seguinte teor literal:

1.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria.

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun

conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489 €).

II .- Beneficiarios.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, a Deputación subvencionará, a través deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

III. - Contía da subvención.

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “ á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no Anexo I. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo II e as contías asignadas do tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ao tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semi urbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

b.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo III do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo III deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme as regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de

SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

- b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico será o que apareza reflexado na factura emitida pola adxudicatario do servizo.

En atención á situación excepcional derivada da crise sanitaria provocada polo COVID-19, e que leva consigo a necesidade de asumir gastos extraordinarios por parte de concellos/mancomunidades para garantir a prestación do servizo coas mellores garantías de seguridade, no exercicio 2021 será posible que, tanto para a xestión directa coma a indirecta do servizo, ao custo bruto do SAF básico pódaselle sumar, en concepto de “outros gastos ou custes do servizo” ata un máximo dun 25% da contía total da subvención. Entenderase como “outros gastos ou custes do servizo”, gastos de persoal indirectamente relacionados coa prestación do SAF de coordinación e/ou control administrativo de servizo, gastos en material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante ...), ou análogos.

Obtido o custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na certificación emitida polo secretario/interventor da entidade local correspondente e será o gasto efectivamente xustificado aos efectos deste Programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/ Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá a súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado estará dispoñible na web da Deputación de Ourense.:

<http://www.depourense.es>

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarse no Rexistro electrónico da Deputación no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de co financiamento non utilizados incrementarán de forma lineal o importe total asignado aos concellos clasificados en grao III, de forma que a contía total do remanente dividirase entre o número de concellos de grao III e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo III destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa .

V.- Réxime xurídico.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento.

A subvención prevista no presente Programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de xuño, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 80 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases e que será ,como máximo, o 30 de novembro de 2021.

A xustificación do programa incluirá soamente os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2021, os gastos correspondentes ao meses de novembro e decembro do 2021 poderán xustificarse cun certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

2. Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención poderase realizar de dúas formas, cuxa elección dependerá do criterio da entidade beneficiaria:

a) **Automatizada:** Para poder acollerse a esta forma de xustificación será preciso que de forma sucesivo ao longo do ano se manteñan actualizados os datos do servizo na plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, datos relativos á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación).

De este forma, chegada a data de emisión da certificación o sistema automatizará a emisión da certificación final de gastos efectuados (sempre que se teñan cubertos todos os datos da prestación do servizo.(Esta certificación presentarase no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense, asinada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, ata o 30 de novembro de 2021.

Á emisión e presentación da certificación engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base X.

b) **Manual:** As entidades beneficiarias cubrirán a certificación de gastos e a memoria no formulario tipificado pola Deputación de Ourense e que estará accesible na web da Deputación de Ourense. <http://www.depourense.es>

A certificación de gastos e a memoria económica deberá estar asinada polo responsable da secretaría/intervención e os datos reflectiran o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2 , apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou

indirecta do servizo, deberá de estar firmada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria e ser presentada no rexistro electrónico da Deputación de Ourense ata o día 30 de novembro de 2021, xunto coas mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base X.

Aquelas entidades que queiran xustificar gastos comprometidos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2021 poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo IV que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista no presente Programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

VIII.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida

ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva .

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do

tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

IX. Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2021 e 2022. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado

do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicárase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

X.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): comeza explicando o contido da súa moción, que ven dada pola situación de peche imposta polo goberno da Comunidade Autónoma e sen que se implementase ningunha axuda directa ao sector da hostalería, baseada na ausencia de planificación e no abandono total á hostalería da provincia. Engade que este sector é moi relevante na estrutura socioeconómica das diferentes comarcas da provincia, e que case dez meses despois do comezo da pandemia, a Xunta segue a abandonar a este sector na provincia de Ourense, situación que contrasta coa doutras CCAA, onde si hai axudas. Lembra que os hosteleiros xa levan semanas manifestándose contra o desleixo do goberno de Feijóo. Laméntase da tardanza do goberno autonómico en actuar e que non escoitara as demandas do Partido Socialista, abandono que contrasta coas medidas postas en marcha polo goberno central (ERTES, bonificacións, prestacións extraordinarias ou préstamos ICO). Por estas razóns instan á Xunta a aprobar un plan de rescate integral para a hostalería de Galicia e respecto á provincia de Ourense, se engade que se suplementen as axudas por parte desta Deputación, xa que este sector na provincia sufriu as restriccións un mes antes que no resto de Galicia.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): toma a palabra para significar que este sector é dos máis afectados pola pandemia, e que no día de hoxe se actúan precisamente unha serie de axudas pola Xunta de Galicia. Respecto á solicitude de achega económica da Deputación que

se prevé no punto terceiro da moción, indica que sería preciso un informe da intervención sobre a súa viabilidade. Finaliza a súa intervención indicando que se ben se debe axudar a este sector por parte da administración competente, que é a Xunta de Galicia, non se debe esquecer que hai outros igualmente afectados.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que en principio é moi difícil non apoiar este tipo de medidas de axudas, se ben matiza que hai outros sectores como o cultural ou o deportivo que non deben ser esquecidos. Engade que os impostos pola actividade da hostalería son recadados pola Xunta e polo Estado, polo que deben ser estes os que asuman as axudas a este sector, e que deben ir máis alá de axudas directas, establecendo medidas de incentivación da situación socioeconómica na nova realidade que nos toca vivir, xa que este tipo de medidas deben manterse no tempo aproveitando as sinerxias do propio territorio. Engade que no pleno sobre o estado da provincia o BNG levou unha proposta para que o 50% do remante de Tesourería provincial se destinase a axudas para determinados sectores perxudicados pola crise da pandemia. Finaliza sinalando que apoiarán a moción do grupo socialista, aínda que lembra que debера estenderse a outros sectores e instar igualmente ao Estado central, que tamén ten competencias nesta materia.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que o seu grupo soe ser bastante crítico coas mocións que se limitan a instar a outras administración, se ben neste caso van apoiar a moción, porque hai que recordarlle á Xunta de Galicia que é a Administración competente nesta materia e tratar de aclarar que os concellos non teñen as competencias a pesar de que a cidadanía non o perciba así. Insiste en que a Xunta de Galicia debe asumir e exercer as súas competencias para axudar aos sectores afectados, e neste mesmo intre lembra que o alcalde do concello de Ourense está mantendo unha reunión cos representantes da hostalería de Ourense. Sen prexuízo de que entende que a moción é mellorable, polas razón indicadas, votarán a favor dela.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que o voceiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Villarino, faltou á verdade cando dixo públicamente que esta Deputación non fixo nada a favor dos hosteleiros da provincia, lembrando as axudas implementadas para autónomos e pemes, e sendo das primeiras administracións en facelo. Engade ademáis que polo seu partidismo esas axudas están hoxe en sede xudicial. Considera esta moción unha mostra evidente de cinismo e de oportunismo do grupo socialista, que por un lado impugna as axudas da Deputación, por outro as reclama, e sempre esquece instar ao

Goberno central, máximo responsable da crise provocada pola pandemia. A Xunta de Galicia xa está implicada activamente na axuda a este sector, e no DOG de hoxe publícanse as axudas, todas elas pactadas na Mesa de negociación da hostalería. Seguidamente fai un breve resumo das liñas de axudas que se publican no DOG de hoxe convocadas pola Xunta de Galicia cun importe total de oitenta e catro millóns de euros. Remata a súa intervención preguntándolles aos deputados e deputadas do Grupo Socialista donde está o Goberno central, cando todos estes sectores necesitan a axuda das AAPP, e este goberno o único que fai é propaganda.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): sinala que a súa moción inclúe expresamente aceptar as demandas do sector, polo que esta non se refire soamente a axudas directas senón tamén a outras liñas de fomento. Indica que as axudas propostas pola Xunta son escasas e lembra que o Goberno Central estivo á altura dende o principio da crise e non deixando a ninguén atrás. Porén do indicado, sinala que eles tamén apoiarían demandas dirixidas ao Goberno Central, se ben entende que é o momento da Xunta de Galicia, que estivo ausente dez meses. Neste sentido indica que se alguén ten que pedir desculpas é o conselleiro de Sanidade por culpar directamente ao sector da hostalería no Concello do Carballiño e sen ningunha xustificación. Pídelle ao grupo popular que recapacite e que esta demanda debería saír por unanimidade no pleno desta Deputación.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): matiza que a porcentaxe máis elevada na intervención de axudas para este sector correspóndelle ao Goberno Central e que as axudas publicadas pola Xunta de Galicia no DOG están pactadas co sector. Defende que debe existir unha axuda especial para este sector, pero sempre sen ensombrecer a outros. Finaliza indicando que non pode apoiar a moción xa que non se cuantifica nin se explica o que suporía a achega da Deputación que se reclama no punto terceiro.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para sinalar que as axudas anunciadas pola Xunta de Galicia non deixa de ser o 0,33 % dos seus orzamentos, e que bota de menos que estas non se estendan a outros sectores igualmente perxudicados. Insiste en que se deben facer idénticas demandas ao Goberno Central e adoptar medidas e axudas conxunturais e non soamente puntuais, por parte das administracións competentes, que non son os concellos neste caso, senón os gobernos autonómico e central. Remata dicindo que apoiarán a moción, se ben consideran esta moi mellorable e matizable nos aspectos indicados.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que a Xunta de Galicia debería integrar un comité de expertos, con componentes tamén políticos, no ámbito socioeconómico, para que as axudas sexan o máis eficaces posible, ao igual que existe un comité clínico ou sanitario.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que a moción do Grupo Socialista pode cualificarse de ausente de ridículo e de complexo de culpa. Engade que o Grupo Socialista nunca pediu nada relativo aos autónomos ou a hostalería, que o Grupo Socialista nunca apoiou no pleno da Deputación estas axudas, que intentou tumbalas cun requerimento verbal ante a Subdelegación do Goberno e aínda mantén un recurso contencioso-administrativo na súa contra. Manifesta que a actitude do voceiro do Grupo Socialista é lamentablee un retrato da peor política. Sobre a moción, considera eseta como un “queda ben” ou un lavado de cara que pretende o Grupo Socialista da Deputación.

- quenda de peche de Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda manifesta que desde que comezou esta lexislatura aínda non se aprobou a primeira moción do Grupo Socialista. Engade que se alguén ten que lavar a cara é o Partido Popular que presenta unha proposta moi ambiciosa no concello de Ourense e se conforma coa escasa contía de axudas que presenta a Xunta de Galicia, entendendo que as posicións están moi claras e que lle corresponde valoralas á cidadanía da provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do deputado do BNG e do deputado de DO, o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito, e a abstención da deputada de Cs (a distancia).

15.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÁS COMISIÓNS QUE APLICAN AS ENTIDADES FINANCEIRAS POLOS DEPÓSITOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que as comisións que as entidades financeiras aplican, están sufrindo un incremento moi importante para todas as EELL. Neste sentido lembra que estas entidades financeiras xa comunicaron a esta

Deputación os cambios nas condicións que viñan aplicando, polo que esta situación se vai estender tamén aos concellos da provincia. Por eso, presentan esta moción, consistente en instar ao Goberno da Nación a adopción dunha solución para evitar os importantes custos que supoñen para as entidades locais ter depositados os saldos bancarios en contas das entidades financeiras, tal como a posibilidade de abrir unha conta sen comisións no Banco de España, na que se poidan ingresar os fondos, e remitirilles este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e ao Ministerio de Facenda e a todos os concellos da Provincia. Remata facendo unha emenda “in voce” á súa propia moción, engadindo un punto terceiro no que se recolla que se lles remita este acordo a todos os concellos da provincia.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): sinala que o incremento destas comisións ven derivada dunha instrución do Banco Central Europeo, que considera errónea. Engade que é importante negociar coa banca comercial se ben todo pasa por unha solución de carácter normativo por parte do Goberno Central. Sinala que vai apoiar a moción proposta pola súa utilidade.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza amosando a súa sorpresa porque o PP apoie á banca pública, eso sí, esquecéndose da cidadanía e das empresas, e só pensando nas institucións. Considera que a banca pública debería ser un elemento regulador da banca privada, e máis cando imos cara un oligopolio de 4 ou 5 entidades financeiras. Entende que esta moción debería facerse extensiva cara á cidadanía e as pequenas empresas de Ourense, para que sexa moito máis plural. A pesar do indicado, e de que a moción queda moi curta, indica que apoiará a moción posto que suporía que as EELL disporían de máis fondos para atender as necesidades da veciñanza.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que como xa se dixo, no ámbito financeiro existe un oligopolio, e que esta situación dá lugar a abusos como o que se indica na moción, pero que afecta aínda máis á cidadanía e ás empresas. A solución a este problema é moi complicada, pero pasaría por cambios lexislativos, incluso de ámbito comunitario, que impedirán esta “cuasi usura”. Remata indicando que votarán a favor xa que o que se pide é unha solución, se ben sinala que se trata dunha cuestión moi difícil de solucionar.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra en substitución da súa compañeira Elvira Lama, que ten problemas de conexión, polo que adianta que o pleno

por estes medios está sendo un auténtico tostón e que logo se matizará a postura do Grupo Socialista sobre os plenos por medios telemáticos. Neste sentido lembra que se aprobara no pleno unha proposta do grupo socialista para que se traduciran as sesións plenarias mediante linguxe de signos, hai xa moitos meses, e o grupo de goberno non foi quen de facer nada de nada. Sobre a moción sinala que o grupo popular ven ao oportunismo, que non ten ningunha coherencia coa postura en xeral do seu partido. Engade que é moi significativo que a moción non mencione en absoluto ás persoas, e se presenta esta moción o día que se aproba unha subvención para unha entidade financeira, o que é unha gran mostra de cinismo do Grupo Popular. Para finalizar indica que votarán a favor da moción e que apoian igualmente a emenda de que se envíe aos concellos da provincia, e que debera ser a Deputación a que abandee este tipo de iniciativas.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): matiza, respecto da moción, que a presentan con ánimo positivo e que defenden a posible apertura de contas das EELL no Banco de España e que se evite o pago de xuros por saldos e movementos bancarios, e que é a nosa obriga como representantes da veciñanza nos gobernos locais.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para manifestar a súa sorpresa polo feito de que ao Grupo Popular lle preocupe unicamente este prexuízo cara ás EELL, pero non cara á cidadanía, pemes ou autónomos. Neste senso entende que esa debería ser a vontade da moción, moito máis plural, e achegando como solución a creación dunha banca pública galega que poida competir co sector privado. Ademais do anterior lembra como está sendo a atención presencial das entidades financeiras en moitos concellos de Galicia, cada vez máis escasa e en peores condicións.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): intervén para destacar a coherencia do grupo provincial socialista con respecto á banca e outros temas, cando o Grupo Popular é precisamente o máis incoherente, e sen poñerse nunca colorado. Respecto á banca, indica que xa lles gustaría que Feijóo non liquidara as caixas galegas como fixo, malvendéndooas e entregándollas ao sector privado. En todo caso ratifica que votarán a favor desta moción, pero pide que o grupo de goberno alce a voz porque esas entidades están pechando oficinas na nosa provincia.

- quenda de peche Plácido Álvarez (grupo do PP): remata o debate pedíndolle ao grupo do BNG que o seu representante en Madrid sexa útil na aprobación dos orzamentos xerais do Estado e que todo eso que se pide por parte deste grupo e do Grupo Socialista, de facelo

extensivo aos vecinos e veciñas e ás empresas, se manifeste igualmente no Parlamento de Madrid.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda in voce presentada, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Instarlle ao Goberno da Nación a adopción dunha solución para evitar os importantes custos que supoñen para as entidades locais ter depositados os saldos bancarios en contas das entidades financeiras, tal como a posibilidade de abrir unha conta sen comisións no Banco de España, na que se poidan ingresar os fondos.

Segundo.- Remitirlles este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e ao Ministerio de Facenda e a todos os concellos da Provincia.

16º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SITUACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rafael Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención agradecendo as palabras de apoio dos seus compañeiros e compañeiras de grupo no debate deste pleno. Seguidamente avanza que posiblemente non volverán participar nun tostón como este que non permite unha participación axeitada, lembrando que hai moita xente traballando en actividade presencial, que hai actividade presencial no Parlamento de Galicia e que os colexios da provincia funcionan en réxime presencial. Engade que hai menos casos, menos hospitalizados e menos pacientes en UCI que cando se realizaron plenos presenciais nesta mesma Deputación, e que non hai ningún dato obxectivo que fundamente esta realización, salvo que a intención sexa furtar o dereito de participación.

Seguidamente pasa a expoñer o contido da moción do seu grupo, e sinala que a asistencia sanitaria prersencial en Galicia é residual e que é necesario mudar. Non existe atención directa e non vale a excusa da pandemia. Lembra que o sindicato maioritario de médicos de Galicia

está en folga indefinida. A moción pide recuperar de xeito inmediato a atención primaria presencial na sanidade galega e recuperar os profesionais perdidos nos últimos anos. Remata avanzando que o Partido Popular cando ten que elixir entre defender á cidadanía e defender ao partido, vai elixir, como sempre, o partidismo.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): sobre as propostas de acordo sinala que a moción de substitución do Grupo Popular relativa a instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais á rede de atención primaria de Galicia, examinado o referido plan, este contén propostas concretas e dotación orzamentaria propia, e que parece que as propostas da moción do Grupo Socialista se contemplarían no referido plan.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que para a defensa que acaba de facer o deputado non adscrito era mellor que non intervir e simplemente calase e votase, como en puntos anteriores. Estamos a falar de cousas reais, que están pasando, e que levan consigo mortes, e que isto é unha desatención sanitaria que provoca saturación nos PACS e nas urxencias. En todo caso sinala que a moción ata lle parece bastante “light” e que as reivindicacións cara á Xunta deberían ser aínda máis firmes e contundentes. Respecto á emenda de substitución volve reiterar o mal uso que fai o Grupo Popular, instándolle a que vote en contra da moción orixinal e presente a súa propia moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): incide en que a atención sanitaria telefónica non está xustificada no día de hoxe e con consecuencias fatais en moitos casos, e que na atención sanitaria privada si se está realizando a asistencia sanitaria presencial. Sobre as propostas concretas entende que lle parecen totalmente acaídas dada a situación actual.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza sinalando que a moción non é máis que un discurso político do Grupo Socialista. Lembra que a cualificación que ten a sanidade galega é de notable e que o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 da Xunta se está cumprindo. Engade que os orzamentos da Xunta para o ano 2021 aumentan as cifras dedicadas á sanidade pública en máis de dez puntos porcentuais e que non hai recortes por ningún lado. Sinala que a cobertura de asistencia pediátrica nos PACS de Galicia está en torno ao 90 % do total das prazas, e que Galicia no plan de atención primaria, aprobado polo Consello de goberno da Xunta, creou varias prazas de atención primaria no ano 2019. Respecto á atención presencial matiza que se introduciu unha valoración previa mediante chamada telefónica, antes de proceder á atención presencial, todo isto para diminuír o risco de

transmisión da COVID-19. Polas razóns expostas indica que presentan a emenda de substitución á moción orixinal.

- 2ª intervención Rafael Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza pedindo tranquilidade ao voceiro do Grupo Popular, e sinala que a cualificación que fan os usuarios da sanidade en Galicia como notable é pola profesionalidade dos seus empregados pero que en xestión ten unha cualificación de nefasta. Seguidamente recolle as verbas do conselleiro de Sanidade que agora ten a ocorrencia da asistencia mediante videochamada. A continuación enumera unha serie de mocións sobre a sanidade pública, todas elas presentadas neste pleno polos partidos socialista e do BNG, e ás que se fixo caso omiso dende a Xunta de Galicia. Remata precisando as propostas contidas na súa moción.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): sinala que o Plan de atención primaria 2019-2021 da Xunta contén unha serie de propostas e medidas que abranguen o que se pide na moción, e aínda moito máis concretas, polo que entende máis razoable apoiar a dita emenda. En todo caso insiste en que debería cumprirse estrictamente o referido plan.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta que non comprende porque o deputado Miguel Caride vota esa emenda de substitución cando parece que está conforme coa proposta da moción orixinal. Seguidamente insta ao voceiro do Grupo Popular a falar coa cidadanía e que percibirán que a recuperación da atención primaria presencial é un clamor na sociedade galega, e que perfectamente podería ser apoiada e votada favorablemente por todos os deputados e deputadas. Engade que esta situación está ademáis a ocasionar o colapso nas urxencias dos PACS e dos hospitais de Galicia.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): comeza sinalando que todas as persoas son totalmente respectables, pero non as opinións, e isto é aplicable como defender o indefendible. É obvio que a atención médica que non sexa presencial non ten a mesma calidade nin a mesma eficacia que a presencial, e que isto debería ser indiscutible, como o feito de que se reclamen máis sanitarios, que serán necesarios en todo caso como consecuencia da pandemia.

- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): sinala que a atención sanitaria en Galicia ten mellor saúde que nunca e que non hai nin atisbo de privatización nin de recortes. Sinala que a nosa sanidade ten un grao de satisfacción moi elevado, e que se ben é certo que hai dificultades, se están tomando iniciativas e medidas de mellora, con OPE anual incluída, e convocatorias anuais que non fai ningunha outra comunidade autónoma, e licitación de novas

infraestruturas. Sinala que estamos nun momento de transición dende a atención telefónica á presencial, minimizando a presenza de pacientes nas salas de espera, para evitar infeccións pola pandemia. Remata defendendo a conveniencia da emenda de substitución presentada polo seu grupo.

- quenda de peche Rafael Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): pregúntalle ao Grupo Popular porque non sacan a súa propia moción e evitan votar en contra desta moción, coa que parecen estar de acordo. Sinala que o Grupo Popular está acostumado a vetar, e iso encaixa moito coa idea que teñen da sanidade pública. Insiste en que a xestión sanitaria da Xunta de Galicia é pésima, e o labor dos seus profesionais é óptima, e así se percibe pola veciñanza. Remata indicando que o único motivo polo que o Grupo Popular non apoia esta moción é porque non é súa.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito, o voto en contra do Grupo Socialista (9), do deputado do BNG e da deputada de Cs (a distancia) e a abstención do deputado de DO.

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do deputado do BNG e do deputado de DO, o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito, e a abstención da deputada de Cs (a distancia).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais á rede de atención primaria de Galicia.

17º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DAS UNIDADES DE LACTANTES E PREESCOLARES/ESCOLARES NO CHUO PARA GARANTIR O SEU FUNCIONAMENTO SEPARADO E CORRECTO.-

A Presidencia anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para expoñer o contido da moción de xeito breve. Seguidamente expón o que lle aconteceu á deputada de CS Montse Lama hai 14 días con motivo da súa recente maternidade, e que lle foi trasladado directamente por esta para que así o expuxese neste pleno. Relata que había ausencia e escasez de persoal sanitario axeitado, e o que había estaba sobrepasado e agotado. Engade que había nesa planta unha paciente con COVID-19 e que non existía protocolo nin prevención ningunha na planta. Remata expoñendo o contido da moción proposta polo BNG no que se solicita da Deputación de Ourense instar á Xunta de Galiza a rectificar de forma inmediata a unificación práctica das unidades de lactantes e preescolares e escolares e garantir o seu funcionamento separado, en espazos separados e debidamente acondicionados e con persoal suficiente, priorizando o persoal con formación pediátrica, e igualmente instar á Xunta de Galiza e ao SERGAS a reincorporación inmediata do persoal especializado aos seus postos de traballo nesta área tan sensible especializada, e namentres que se establezan canles de diálogo con estas que garantan a operatividade do servizo no futuro e os seus dereitos laborais. Sobre a emenda de substitución do Grupo Popular e o seu subterfuxio, cualifica esta como lamentable.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): sinala que con esta moción lle ven á cabeza un dos episodios máis difíciles da súa vida, cando tivo que pasar na unidade de lactantes 17 días cun dos seus fillos. Indica compartir o contido da moción, se ben matiza que agarda a escoitar a xustificación de todos os grupos e sobre todo da emenda de substitución para decidir o seu voto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta que unha vez informado sobre o contido da moción, no que se considera un profano, sinala que esta é moi acaída. Sobre a emenda do Grupo Popular sinala que non acaba de entendela, e que parece que teñen o mesmo senso, e que non existiría ningún obstáculo para que apoiem a moción orixinal.

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): manifesta que a situación da sanidade galega é de escasez: de medios, de persoal, de camas.... Sobre a problemática da pandemia do CHUOU exposta na moción entende que ésta é consecuencia da mala xestión do goberno da Xunta de Galicia e non da pandemia. Manifesta que o seu grupo votará favorablemente á moción proposta polo BNG.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza a súa intervención lembrando as recentes contratacións extraordinarias feitas pola Xunta de Galicia en persoal sanitario e

que se trata dun problema de xestión e de ausencia de medios humanos, sobre todo enfermeiros. Expón que a non separación ven motivada pola ausencia de persoal polo que a súa emenda si ten razón de ser, xa que non hai persoal e se se accedese á petición da moción empeoraría a situación, polo que a súa emenda de substitución é sensata e axeitada.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que pensaba que o voceiro do PP mudaría a súa emenda á vista do apoio dos demais grupos políticos. Insiste en trasladar que se está a traer persoal doutras áreas e sen experiencia para cubrir unha área da que se está igualmente a trasladar persoal. Semella que neste tipo de servizo parece que hai unha certa fixación, e que as mulleres da provincia chegarán a ir a parir a Vigo. Remata rogándolle ao Grupo Popular que non traía máis emendas de substitución, e que en todo caso se limiten ás de engádegas ou supresión, xa que as de substitución alteran totalmente a vontade dos diferentes grupos políticos.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): sinala que estamos ante unha situación sanitaria excepcional pero que non se debe pospoñer a decisión de separar os servizos. Polo sinalado manifesta que votará a favor da moción do BNG.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): reitera o expresado na súa primeira intervención, e que a existencia da emenda de substitución carece de sentido.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): insiste en que o seu grupo apoia a moción orixinal do BNG e que non entenden o sentido da emenda de substitución do Grupo Popular.

- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): sinala que a súa emenda non é contraditoria e que se trata en todo caso dun problema de xestión do servizo, que debería solucionarse unha vez que finalice a pandemia. En todo caso, apunta que neste intre o Grupo Popular retira a emenda de substitución presentada a esta moción, que non hai problema ningún neste sentido por parte do Grupo Popular.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): finaliza o debate agradecendo o acordo unánime de todos os grupos, e que se trata de algo xusto que debe ser posto en coñecemento da Xunta de Galicia desde este pleno da Deputación Provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción (unha vez retirada a emenda do Grupo Popular), e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a rectificar de forma inmediata a unificación práctica das unidades de lactantes e preescolares e escolares e garantir o seu funcionamento separado, en espazos separados e debidamente acondicionados e con persoal suficiente, priorizando o persoal con formación pediátrica.

2º.- A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza e ao SERGAS a reincorporación inmediata do persoal especializado aos seus postos de traballo nesta área tan sensible especializada, e namentres que se establezan canles de diálogo con estas que garantan a operatividade do servizo no futuro e os seus dereitos laborais.

18º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala declaración previa, por unanimidade, da urxencia do asunto, tratouse a seguinte moción:

18ºA.- MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO AO EXPEDIENTE DE INHABILITACIÓN AO XEFE DE XINECOLOXÍA DO HOSPITAL DE VERÍN, DOUTOR JAVIER CASTRILLO.-

O deputado do BNG xustifica a urxencia para a presentación da moción, someténdose a votación a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

A Presidencia anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de engádegas a esta moción e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): agradece, en primeiro lugar, que se tome en consideración a urxencia desta moción. Seguidamente dá lectura ao seu contido, que recolle como propostas de resolución expresar por parte do pleno da Deputación o respaldo ao xefe de xinecología do hospital de Verín, o doutor Castrillo, e instar á Xunta de Galicia e ao Sergas ao arquivo inmediato do expediente polo que se pretende inhabilitar durante dous anos de exercicio ao doutor Castrillo.

- 1ª intervención Miguel Caride (non adscrito): amosa o seu apoio total ao doutor Castrillo, polo que manifesta o seu apoio total ao primeiro punto da moción. Respecto do segundo explica que o determinando sería coñecer como a implicación deste doutor nas mobilizacións contra o peche do paritorio de Verín, pode contaminar a imparcialidade do instrutor do expediente disciplinario, polo que pon esta cuestión enriba da mesa para o seu debate.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que na súa condición de concelleiro de RRHH no concello de Ourense xa se veu implicado na tramitación de expedientes disciplinarios, polo que entende que isto debe tratarse con moita prudencia, polo que lle parece máis axeitada e acaída a emenda de engádegas presentada polo Grupo Popular.
- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): manifestan a súa total concordancia coa moción do BNG, e engade que o expediente administrativo soa a vinganza, e así o apuntan todos os indicios. O tema é claramente político por parte da Xerencia da área sanitaria, e unha persecución desta ao doutor Castrillo. Remata indicando que a integridade profesional deste doutor está fóra de toda dúbida, e diríxese ao presidente da Xunta de Galicia para lembrarlle que Verín non se pecha.
- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza lembrando que foi o Grupo Popular da Deputación o que presentou a moción que se aprobou neste pleno contra o peche do paritorio de Verín. Engade que é importante matizar que este expediente se inicia por unha denuncia doutro profesional, e que nestes asuntos hai que ser moi prudente e cauteloso, e que en todo é indiscutible o apoio a este profesional en particular polas súas reclamacións para a reapertura do paritorio de Verín. Polas razóns indicadas, xustifica a emenda de engádegas do seu grupo “no suposto de que a causa do expediente fose o seu posicionamento diante do peche temporal do paritorio do Hospital de Verín”.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta que dende hai un ano que aconteceron os feitos indicados, parece moi estrano que se acordase agora a incoación do expediente disciplinario e ademais pasadas as eleccións autonómicas. Respecto da engádegas, e coa finalidade de que a moción se aprobe de xeito unánime e chegue a voz da Deputación de forma alta e clara ao goberno da Xunta de Galicia, van admitir a emenda de engádegas do Grupo Popular, xa que tampouco desvirtúa o contido e finalidade da súa moción.
- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): insiste en matizar que se existe denuncia non pode obviarse a tramitación dun expediente deste tipo, polo que este debate xurídico quedaría salvado unha vez que se acepta a emenda de engádegas do Grupo Popular á moción do BNG. Conclúe amosando o seu apoio a esta moción e á aceptación da emenda.
- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): igualmente manifesta a súa satisfacción polo acordo unánime que parece que se vai acadar, salvando o obstáculo que podería supoñer a non aceptación da emenda de engádegas.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): sinala o apoio ao doutor Castrillo e o rexeitamento ao peche do paritorio de Verín. Respecto á intervención do voceiro do Grupo Popular manifesta que non a entende e que lle gustaría saber como actuaría a Xunta se a denuncia fose ao revés.

- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): insiste en deixar claro que se trata dunha denuncia entre profesionais, e que non se pode deixar nun caixón, pero que non coñece o contido da denuncia. En todo caso congratúlase que se acepte a emenda e haxa acordo unánime.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta a súa satisfacción polo acordo unánime, agardando que este expediente quede en nada e sobre todo amosa o seu respaldo ao doutor Castrillo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción máis a engádegas do Grupo Popular, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación de Ourense expresa o seu respaldo ao xefe de xinecoloxía do hospital de Verín, o doutor Castrillo.

2º.- A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galicia e ao Sergas ao arquivo inmediato do expediente polo que se pretende inhabilitar durante dous anos de exercicio ao doutor Castrillo, no suposto de que a causa do expediente fose o seu posicionamento diante do peche temporal do paridoiro do Hospital de Verín.

19º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de outubro de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

20º.- ROGOS E PREGUNTAS: Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Margarita Pérez (Grupo Socialista): di que no pleno de novembro de 2019 se trasladou o rogo de atender a petición do pleno do Concello de Barbadás relativa á substitución e

renovación da iluminación da estrada OU-0519 no treito entre Finca Fierro ata o ramal a Parada de Piñor.

O presidente dá conta do informe da directora da Área de Infraestruturas onde se indica que nese treito non procedería a renovación solicitada por non existir luminarias de titularidade da Deputación Provincial.

Margarita Pérez indica que existe un erro na formulación do rogo, e que non se trata de substituír senón de instalar.

O presidente toma nota do rogo formulado.

- Álvaro Vila (Grupo Socialista): sobre a demanda veciñal relativa á reforma da Ponte de Zaín, na estrada OU-401, pregunta a data prevista e o estado das actuacións alí previstas.

O presidente dá conta do informe da directora da área de infraestruturas onde se indica que o proxecto lle foi encargado á dita área, cun orzamento de 231.479,62 €. Engade que a obra leva consigo a expropiación de varios predios polo que se fai necesario incluíla nun plan provincial para obter a declaración de utilidade pública. Consultada a aplicación da DXT Arena, constan nese punto nos últimos anos 8 accidentes, ningún con vítimas, e en ningún o estado do viario foi a súa causa, polo que a Ponte de Zaín non é un punto negro.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): pregunta sobre a subvención cofinanciada polo IDAE para reposición da iluminación en diversos concellos da Baixa Limia, cuxo contrato administrativo de subministración e instalación foi adxudicado pola Deputación, e no que se instalaron as luminarias incluídas no contrato pero non as ofertadas como melloras polo contratista, véndose agora os concellos na obriga de acopiar estas, polo que pregunta se houbo algún erro na adxudicación e que vai facer a Deputación para solucionar esta problemática.

O presidente dá lectura ao informe do xefe de sección de residuos e enerxía da DPO, no que indica a relación de concellos incluídos na referida subvención do IDAE e no que se conclúe que as prestacións incluídas no contrato son a substitución de cadros de mando e luminarias, pero que non se inclúe a instalación da subministración de luminarias adicionais en cada concello.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): roga que se trate de intermediar coa anterior empresa concesionaria da limpeza de edificios de titularidade provincial (ITMA), que acaba de finalizar o seu contrato e subrogou aos traballadores á nova empresa adxudicataria deixando de aboar a derradeira nómina e o rateo das pagas extraordinarias dos seus traballadores.

A presidencia dáse por informada.

- Ignacio Gómez (grupo socialista): pregunta polo decreto de revogación de competencias de Miguel Caride e se vai incluído na dación de conta de decretos da Presidencia.

O secretario xeral confirma a súa inclusión na referida relación de decretos.

Seguidamente rógalle á Presidencia que se teña a mesma amabilidade e condescendencia co Grupo Socialista cando presenta as súas preguntas ou solicitudes de información que co grupo do BNG, lembrando que eles son o grupo maioritario da oposición.

Por último reflexiona sobre o acontecido no relativo á moción do BNG sobre a situación da pediatría, na que o voto do deputado non adscrito foi decisivo e fixo que o PP retirara a súa emenda de substitución, deixando clara a debilidade do grupo do goberno e que por fin se poden mudar as políticas desta provincia.

- Rosario Rodríguez (grupo socialista): roga que a seguinte convocatoria do pleno sexa presencial, con todas as medidas de seguridade.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 20º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 20º](#)

ANEXO: PEGADA DIXITAL DO VÍDEO

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/BE3h0FGK5nciEEMwsL6GDr6A2jO50l5Z.mp4>

SHA512 - ddb685069b48413a83911a2fc182a08e9fdb1eff7893af4864afd11f8edd3f5ad5f3f6805a98659605a6b8f48a5b8fe3058266e0899549d21c7bf852525c405

E, ás 16.30. horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

